

RESPOSTA ÁS DÚBIDAS MÁIS FRECUENTES SOBRE A CONVOCATORIA DE CONSULTAS PRELIMINARES AO MERCADO PARA PROXECTOS DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA NO SECTOR PRIMARIO (FAQs):

1. Para participar no proceso de Consultas ao Mercado onde se pode atopar toda a información ao respecto?

Toda a información sobre esta Consulta Preliminar ao Mercado poderá atopala na web da Amtega e na ligazón: <http://amtega.xunta.gal/cpti>

2. Que día publicouse o anuncio da convocatoria no DOGA?

O luns 26 de setembro de 2016 publicouse a resolución pola que se aprobou esta convocatoria de Consultas Preliminares ao Mercado. Pode consultala na seguinte ligazón: http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160926/AnuncioG0177-200916-0001_gl.html.

3. Cal é a finalidade da convocatoria?

Identificar tecnoloxías e solucións de interese para a resolución, cando menos, do denominado **Reto 1: Inspeccións Intelixentes Avanzadas** *“Dispoñer dunha solución tecnolóxica que permita a realización de controis de campo asociados ás axudas da Política Agraria Común (PAC) de xeito automatizado, mediante o uso de medios tecnolóxicos (en particular, mediante o uso de medios aéreos non tripulados e outros sistemas tecnolóxicos), aumentando a eficiencia e eficacia destes, e reducindo a súa complexidade e custos de realización”*.

4. O reto consiste só en resolver o reto dos controis de campo da PAC ou dentro do financiamento poderían ter cabida outras solucións?

As propostas deberán resolver o reto da automatización total ou parcial dos controis das axudas da PAC. Os diferentes elementos da solución tecnolóxica ou a información capturada poderán ofrecer calquera outro servizo de valor engadido para os axentes do sector agro-gandeiro e para a Administración. En calquera caso, o orzamento dispoñible para todo iso correspóndese cos 4 millóns de euros indicados na sesión inicial.

5. Poden presentarse propostas que resolvan só parte do reto?

Si, serán susceptibles de presentarse calquera tipo de propostas que resolvan calquera parte do reto exposto, se ben será necesario construír solucións innovadoras que dean resposta de forma integral ás necesidades expostas (captura de datos en campo, almacenamento, procesado e análise da información), para ofrecer o servizo de inspección de forma automatizadas así como calquera outro servizo complementario ao sector agropecuario e/ou Administración.

Pódense presentar propostas que só resolvan parte do reto. No proceso de Consultas ao Mercado orientaranse as propostas para que de forma conxunta axuden á resolución do reto.

Por tanto, as propostas expostas nin teñen que ter todos os compoñentes indicados, nin teñen que resolver todos os controis indicados. As propostas son de utilidade se axudan a automatizar total o parcialmente algún dos controis en campo (automatizan un ou varios controis, automatizan se o control superouse ou non, ou axudan á toma da devandita decisión).

6. Quen pode participar nesta convocatoria?

Trátase dunha convocatoria aberta dirixida a persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, con vontade de participación e colaboración coa Amtega na resolución do mencionado reto.

7. Poden presentarse propostas de forma conxunta?

Si, as propostas poden presentarse tanto individualmente como de forma conxunta con outras persoas ou entidades.

No caso de que se presente unha proposta de forma conxunta por un grupo de persoas ou entidades, deberá identificarse aquela que as represente, aos efectos de interlocución coa Administración.

8. Cando se trata de propostas conxuntas, en que campo do Formulario debo indicar os diferentes propoñentes?

En primeiro lugar, no *Apartado “Datos Básicos”*, no campo *“Datos do Propoñente”* debe seleccionar a opción *“Proposta Conxunta de varias Persoas físicas ou xurídicas”*.

Posteriormente, no *Apartado “Datos de contacto do Interlocutor/representante”* deberá facilitar o nome e datos de contacto de quen exerza a representación da proposta fronte á Amtega.

Finalmente, no *Apartado “Descrición”*, no campo *“Breve Resumo”* deberá indicar o nome de cada un dos propoñentes.

9. Como e onde se poden presentar as propostas?

As propostas deberán enviarse, en lingua galega ou castelá, a través da ficha/formulario dispoñible na ligazón <http://amtega.xunta.gal/propostas-de-soluciones-innovadoras> ou ben por correo electrónico ao seguinte enderezo: cpti.amtega@xunta.gal

Opcionalmente poderán acompañar ás fichas da documentación complementaria que os interesados xulguen pertinente e onde se desenvolva a proposta con maior detalle.

10. Cal é o prazo establecido para a presentación de propostas?

O prazo de presentación abarcará o período comprendido desde o día seguinte ao da publicación no DOGA da resolución que aproba a convocatoria de Consultas Preliminares ao Mercado, que tivo lugar o día 26 de setembro de 2016, ata o peche da convocatoria que se producirá unha vez que se acade o grao de definición necesario, por resolución da persoa titular da dirección da Amtega e que será publicada no DOGA.

O Plan de Traballo definido estableceu un primeiro fito para a **recepción de propostas iniciais** o día 25 de novembro de 2016 estimando o desenvolvemento da reflexión ata o inicio de xaneiro de 2017.

Non obstante, debido ao interese xerado o prazo de presentación de propostas iniciais amplíase ata o día 9 de decembro.

11. A data do 9 de decembro, é para o envío dunha idea ou dunha proposta detallada?

Esta data é para ter unha visión dos axentes que van a participar no proceso, así como unha caracterización inicial do alcance das propostas. A partir desa data daranse a coñecer publicamente as propostas recibidas e realizaranse diversos encontros cos distintos axentes que propuxeron solucións para coñecer as mesmas con detalle.

12. Se teño dúbidas técnicas ou mesmo sobre a propia cumprimentación do cuestionario, a quen me podó dirixir?

Poderá dirixir todas as cuestións a través da seguinte dirección de correo electrónico: cpti.amtega@xunta.gal

13. A presentación de propostas implica algún tipo de obriga por parte da Administración?

Non, o proceso de Consultas ao Mercado configúrase coma un paso previo á definición do modelo de contratación pública de innovación. Neste senso, a participación na convocatoria non comporta por parte da Administración ningunha obriga de financiamento ou aceptación das propostas presentadas.

A Administración dará aos participantes un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustará a súa participación ao principio de transparencia, de xeito que non se outorgará dereito nin preferencia ningunha respecto da adxudicación dos contratos que poidan celebrarse con posterioridade neste ámbito.

14. A presentación dunha proposta implica algunha obriga para as partes?

A participación non comporta para os participantes ningunha obriga de participación nas licitacións que con posterioridade puidesen celebrarse.

15. Esta iniciativa está enmarcada no Programa Primare, a cuestión é que, dentro do programa Primare contéplase o desenvolvemento dunha Plataforma Horizontal M2M para solucións TIC, por tanto, os 4 millóns que hai de orzamento, son tamén para o desenvolvemento desta plataforma, ou son exclusivamente para as solucións tecnolóxicas ligadas ao apoio dos controis da PAC?. Na licitación prevista para finais de xaneiro de 2017, farase unha única licitación ou cabe a posibilidade de que sexan varias?

O importe de 4 millóns de euros correspóndese coa totalidade do orzamento que se dedicará ao desenvolvemento do proxecto de Inspeccións Intelixentes Avanzadas, sen prexuízo de que a través do mesmo poidan desenvolverse outros servizos de valor engadido para os axentes do sector primario.

Aínda que actualmente atopámonos no proceso de Consultas ao Mercado, co obxectivo de identificar solucións/tecnoloxías necesarias para desenvolver o citado proxecto, enténdese que a plataforma á que fai referencia, podería ser un dos elementos necesarios no desenvolvemento do mesmo.

En calquera caso, os elementos concretos a licitar e os seus requisitos técnicos, definiranse unha vez finalice o proceso de Consultas ao Mercado que se está desenvolvendo neste momento.

16. Coñécese o número de licitacións que se van a publicar?

O número de licitacións e o alcance das mesmas determinaranse cando acabe o proceso de Consultas ao Mercado. En función das propostas recibidas é probable que sexa máis dunha en calquera caso, posto que as solucións deberían responder de forma integral ás necesidades, si que sería un número reducido de licitacións.

17. No formulario de envío de solicitudes inclúese a seguinte declaración obrigatoria: *A proposta presentada está libre de patentes comerciais, copyright ou calquera outro dereito de autor ou empresarial que impida o seu libre uso por parte da Amtega ou de calquera outro organismo ou empresa colaboradora no desenvolvemento de futuros proxectos.*

Entendo que esta declaración fai referencia a non incluír na proposta tecnoloxías de terceiras partes protexidas por calquera dos mecanismos que se indican, pero que non tería aplicación ás tecnoloxías protexidas que pertencen ao propio solicitante. Este último podería ser o caso dalgunha tecnoloxía desenvolvida por grupos de investigación da USC, protexida por patente ou dereitos de propiedade intelectual, e sobre as cales se podería facer algún tipo de cesión/licenza para a execución do proxecto dentro do proceso de compra pública innovadora.

Neste momento do proceso, non se trata de recibir propostas de produtos concretos, senón de recibir propostas de funcionalidades ou posibles ideas ou solucións (que non existan no mercado pero que se poidan desenvolver nun tempo certo) que se poidan empregar no desenvolvemento dos pregos da licitación.

O obxectivo do indicado na resolución é que as solucións que acheguen os participantes no proceso de consultas ao mercado, poidan ser empregados por esta Administración aos efectos do desenvolvemento dos pregos, das especificacións funcionais e técnicas, e tamén aos efectos de publicar os resultados dos proceso de consultas ao mercado. Polo tanto, neste momento, o relevante é que o posuidor dos dereitos de propiedade intelectual, permita á Administración o uso deses contidos que inclúe na proposta para eses fins, e non lle poida reclamar á Administración nada polo uso desa información e a súa difusión ben nos pregos, ben na documentación do proceso de consultas.

No tocante a que a solución empregue tecnoloxías de terceiros, pode empregalas. Simplemente ter en conta que, neste momento do proceso, o terceiro posuidor deses dereitos intelectuais terá que permitir o seu uso como se indicou no apartado anterior, e de chegar a incluírse na oferta dun proceso de licitación, o licitador deberá indicar a circunstancia de que a oferta inclúe produtos de terceiros suxeitos a propiedade intelectual ou industrial, e indicar as condicións nas que se oferta á Administración.

Recordar tamén que, neste momento no proceso de Consultas Preliminares ao Mercado, non se poderán incluír de forma explícita marcas, procedementos ou patentes concretos.

- 18. De cara a formular unha proposta ao Reto 1 - Inspeccións Intelixentes Avanzadas xórdennos algunhas dúbidas que nos gustaría concretar. Se ben a normativa da UE fai referencia ao emprego de imaxes aéreas para realizar os controis no marco da PAC, e fala recurrentemente de teledetección, non se menciona o emprego doutras tecnoloxías de adquisición remota. Incluso na web WikiCAP, onde se remite para as últimas prescricións técnicas non se mencionan lidar nin vídeo sobre drones por exemplo. Ata qué punto teñen cabida as novas tecnoloxías (LiDAR, drones, vídeo,...) dende un punto de vista legal? Pódese prescindir totalmente da ortoimaxe e da imaxe de satélite de moi alta resolución?**

Moi relacionada coa anterior. As propostas para optimizar os controis en campo, poden ser totalmente automáticas e prescindir do fotointérprete ou se debe expoñer como un apoio da labor deste? Formulado doutro xeito, unha tecnoloxía ou algoritmo que a partir dunha adquisición remota de datos poida clasificar o uso de cada recinto, debe sempre ser unha axuda para o fotointerprete para validar os recintos un a un?... ou pode dar un resultado final que logo o técnico encargado depure en base a unha inspección dunha mostra dos recintos?

Na fase actual, en relación ao grao de automatización do proceso de inspección, admitirase calquera tipo de solución que resolva de forma parcial ou global as necesidades expostas, ou axude a un técnico a resolvelas.

Por outra banda, ten cabida calquera tecnoloxía, posto que a súa validez virá determinada pola capacidade da mesma de resolución da necesidade exposta (independentemente do modelo de prestación do servizo de inspección actual).

- 19. Pertenzo a unha empresa de enxeñería especializada en servizos de topografía e cartografía. Atopámonos traballando cunha empresa tecnolóxica unha solución que permita interpretar e visualizar a información recollida sobre o terreo a través das nosas tecnoloxías e dispositivos para minimizar os controis de campo. Temos que presentar unha proposta detallada o día 9 de decembro?**

Ata o día 9 de decembro poderá indicarnos se finalmente vai a realizar unha proposta, os propoñentes e unha descrición xeral do alcance, os elementos/tecnoloxías e as necesidades resoltas pola súa solución. A partir desa data iniciarase unha rolda de entrevistas individuais para coñecer de primeira man cos propoñentes e o detalle das súas propostas.

- 20. Como saberei se a miña proposta será tida en conta?**

A Administración estudará todas as propostas que se presenten de cara a utilízalas no proceso de desenvolvemento e execución de proxectos. A partir do día 9 de decembro convocarase unha sesión pública onde farase balance das propostas recibidas e posteriormente, convocaranse reunións con cada un dos propoñentes para debater sobre o alcance das súas propostas.

- 21. Para poder presentar unha proposta é necesario ser galego/a ou ter a sede social en Galicia?**

Non, na convocatoria non se estableceu ningún requisito de orixe para poder presentar a proposta.

- 22. Á hora de cubrir o campo de regulacións e normas asociadas, cal é o nivel de especificación sobre as normas aplicables á solución tecnolóxica a incluír?. O feito de, por descoñecemento, non incluír todas as normas aplicables a unha solución tecnolóxica, ten algunha consecuencia sobre a validez ou resolución da proposta?**

Ningunha proposta quedará excluída por este motivo. Deberá ser indicado neste apartado todas aquelas regulacións e normas que, pola súa experiencia ou coñecemento considere que está asociada directamente á proposta que se presente.

- 23. Co obxectivo de realizar unha proposta o máis completa posible e co máximo nivel de detalle e calidade, existe algún límite na documentación a adxuntar á mesma?**

O formulario permite o envío de dous arquivos adxuntos cun máximo de 10 mb cada un. Non obstante, identificando a súa proposta pode enviar calquera outra información relativa á súa proposta na seguinte dirección de correo electrónico: cpti.amtega@xunta.gal.

- 24. Que porcentaxe de I+D deberá incluír a solución proposta?**

Segundo o establecido no convenio de colaboración asinado entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a Axencia de Innovación de

Galicia (GAIN) e o Ministerio de Economía e Competitividade, os proxectos financiados deberán estimular a competitividade empresarial mediante a realización de actividades de I+D+i e é por iso, que se empregará o procedemento de contratación de compra pública de tecnoloxía innovadora.

Por tanto, as solucións deberán entenderse de xeito íntegro como proxectos de innovación, identificando os elementos de innovación e os resultados de I+D esperados para poder concorrer ás futuras licitacións.

25. Cal será o prazo máximo de execución das solucións propostas?

O prazo máximo para a execución dos proxectos resultantes abranguerá dende a súa licitación no ano 2017 ata finais do ano 2019. Con todo, fixaranse fitos de execución intermedios que terán lugar xa dende o ano 2017.

26. De cara á celebración das reunións individuais cos axentes que presentaron ata a data propostas, adiantarase un guión de temas a tratar?

Non, máis cómpre adiantar que as reunións individuais previstas se estruturarán segundo os seguintes apartados:

1. Exposición da proposta e explicación dos aspectos máis relevantes a ter en consideración por parte da Administración.
2. Rolda de preguntas para asegurar o entendemento da solución proposta, en relación cando menos aos seguintes aspectos:
3. Alcance funcional: controis aos que dará cobertura no referente ao reto das inspeccións intelixentes avanzadas e identificación doutros ámbitos aos que daría resposta;
4. Entendemento detallado da caracterización técnica da solución presentada;
5. Descrición e xustificación do carácter innovador e concreción dos resultados de I+D da solución proposta;
6. Impacto e beneficios esperados que espera conseguir coa solución proposta.

27. Poden presentarse propostas pasado o primeiro fito de revisión de propostas iniciais? Cal sería o procedemento?

Si, o prazo de presentación de propostas pecharase unha vez se acade o grao de definición necesario – coincidindo coa publicación do Mapa de Demanda Temperá –, por resolución da persoa titular da dirección da Amtega e que será publicada no DOGA. En calquera caso, tendo en conta a planificación establecida solicítase o envío das mesmas á menor brevidade posible.

O procedemento para o envío das propostas seguirá o mesmo esquema inicial: as propostas deberán enviarse, en lingua galega ou castelá, a través da ficha/formulario dispoñible na ligazón <http://amtega.xunta.gal/propostas-de-soluciones-innovadoras> ou ben por correo electrónico ao seguinte enderezo: cpti.amtega@xunta.gal.

Opcionalmente poderán acompañar ás fichas da documentación complementaria que os interesados xulguen pertinente e onde se desenvolva a proposta con maior detalle.